




XUNTA
DE GALICIA

GALICIA EXPLORA O CEO

Camiño da Eclipse 2026




XUNTA
DE GALICIA

GALICIA EXPLORA O CEO

Camiño da Eclipse 2026

ECLIPSE SOLAR 2026

- » 12 de agosto de 2026
- » **Fenómeno excepcional** e moi infrecuente
- » Galicia: **territorio privilexiado** para a observación
- » **Alto impacto** social, científico e mediático
- » **Oportunidade** para divulgar ciencia e promover observación segura




XUNTA
DE GALICIA

GALICIA EXPLORA O CEO

Camiño da Eclipse 2026

GALICIA EXPLORA O CEO

- » **Programa de iniciativas educativas** arredor da Eclipse 2026
- » Propostas para **centros e comunidade educativa**
- » Acompañamento da eclipse como aprendizaxe **ao longo do curso**
- » Enfoque **coordinado e coherente** de acción educativa
- » **Aberto** a incorporar novas actividades, alianzas e colaboracións



XUNTA
DE GALICIA

GALICIA EXPLORA O CEO

Camiño da Eclipse 2026


OBXECTIVOS XERAIS

- » Garantir **observación segura e rigorosa**
- » Promover pensamento **científico e crítico**
- » Integrar **ciencia, arte, cultura e humanidades**
- » Impulsar a **innovación educativa** e as vocacións **STEM**
- » Reforzar a **cohesión** da comunidade educativa e a **conexión** co territorio
- » Garantir **inclusión e acceso universal** ao coñecemento

ESTRUTURA DO PROGRAMA

- » **26 iniciativas** para dar a benvida á Eclipse 2026
- » Organizadas en **4 bloques** estratéxicos
- » Deseño interdisciplinar

ESTRUTURA DO PROGRAMA



ESTRUTURA DO PROGRAMA

GALICIA EXPLORA O CEO

Camiño da Eclipse 2026

BLOQUE I · CIENCIA, OBSERVACIÓN E SEGURIDADE

As iniciativas incluídas neste bloque céntranse **na comprensión dos fenómenos astronómicos** asociados ás eclipses e na promoción dunha observación segura, fundamentada e accesible. Inclúe experiencias inmersivas, obradoiros experimentais e actividades de investigación escolar que permiten entender a luz, as sombras, o espectro electromagnético e a estrutura do universo.

Iniciativas incluídas:

- » O Galiverso explora o ceo
- » Astronomía escolar: ensinando a explorar o ceo
- » O ceo nas túas mans: astronomía accesible
- » SOLARSAFE: sistemas seguros de observación de eclipses
- » Eclipse Lab Expert: ciencia galega ao alcance
- » Detectives do espectro: as cores da luz
- » Ecocósmico: explorando o hidróxeno no universo
- » Cazadoras de sombras: observación, luz e medida na eclipse

ESTRUTURA DO PROGRAMA

GALICIA EXPLORA O CEO

Camiño da Eclipse 2026

II

BLOQUE II · EDUCACIÓN, COMUNIDADE E TERRITORIO

Este bloque concibe a eclipse como un **proxecto educativo colectivo**, que transcende a aula e se estende á comunidade. Reúne iniciativas orientadas ao profesorado, aos Polos Creativos, ás bibliotecas escolares e á divulgación social, promovendo a participación, a colaboración e a conexión co territorio e coa investigación galega.

Iniciativas incluídas:

- » Pasaporte Explora o espazo nos Polos Creativos
- » Xornadas "De Galicia ao espazo nos Polos Creativos"
- » Accións formativas para docentes galegos en Polos Creativos
- » Divulgación científica en redes sociais: o eclipse dende a óptica de diferentes persoas investigadoras
- » cREAgal: recursos que iluminan
- » Maletas viaxeiras "Lourenzo e Catalina xogan ás agachadas"
- » Eclipselab 2026: a biblioteca que observa o ceo
- » Congreso invisibles 2026

ESTRUTURA DO PROGRAMA

GALICIA EXPLORA O CEO

Camiño da Eclipse 2026



BLOQUE III · CIENCIA, ARTE E CULTURA

Neste bloque intégranse actividades que exploran a eclipse desde unha perspectiva **cultural, artística e humanística**, conectando a ciencia coa literatura, a historia, o mito, a fotografía e a creación plástica. O obxectivo é ampliar a cultura científica, recoñecendo que a ciencia tamén é relato, imaxe, memoria e expresión simbólica.

Iniciativas incluídas:

- » **Relatos na penumbra**
- » **Sombras que pintan: arte, luz e eclipse**
- » **Constelacións de lenda: mitos para explicar o ceo**
- » **Detectives da historia: as eclipses ao longo do tempo**
- » **Constelacións en foco: fotografía científica e creativa do ceo**

ESTRUTURA DO PROGRAMA

GALICIA EXPLORA O CEO

Camiño da Eclipse 2026

IV

BLOQUE IV · STEM E INNOVACIÓN EDUCATIVA

O cuarto bloque reúne iniciativas centradas na **tecnoloxía, a modelización científica, a robótica e a exploración espacial**, dirixidas principalmente ás etapas de secundaria, bacharelato e Formación Profesional. A eclipse convértese aquí nun motor para o desenvolvemento de competencias STEM e para o achegamento do alumnado á ciencia e á tecnoloxía de vangarda.

Iniciativas incluídas:

- » **Misión eclipse: *escape room* científico**
- » **Blender no cosmos**
- » **Misión H₂O: destino Marte**
- » **Misión orbital: vivir e investigar no espazo**
- » **Código Umbra: operación eclipse no Eduardo Barreiros**

26 iniciativas

para dar a benvida a Eclipse 2026

GALICIA EXPLORA O CEO

Camiño da Eclipse 2026

Táboa xeral do programa

Nº	Iniciativa	Bloque	Tipo de experiencia	Etapas	Período
1	O Galiverso explora o ceo	I	Experiencia inmersiva	Todas	Marzo–Decembro 2026
2	Astronomía escolar: ensinando a explorar o ceo	I	Exposición educativa	Todas	Abril–Decembro 2026
3	O ceo nas túas mans: astronomía accesible	I	Astronomía accesible	Todas	Xaneiro–Xuño 2026
4	SOLARSAFE: sistemas seguros de observación de eclipses	I	Obradoiro experimental	EP · ESO · BAC	Xaneiro–Decembro 2026
5	Eclipse Lab Expert: ciencia galega ao alcance	I	Encontro dixital con especialistas	EP · ESO · BAC	Xaneiro–Decembro 2026
6	Detectives do espectro: as cores da luz	I	Experimentación científica	EI · EP · ESO · BAC · FPB	Febreiro–Xuño 2026
7	Ecocósmico: explorando o hidróxeno no universo	I	Investigación guiada	ESO · BAC	Febreiro–Xuño 2026
8	Cazadoras de sombras: observación, luz e medida na eclipse	I	Observación e medición	EI · EP · ESO · BAC · FPB	Xaneiro–Xuño 2026
9	Pasaporte Explora o Espazo nos Polos Creativos	II	Itinerario de retos	Todas	Xaneiro–Decembro 2026
10	Xornadas “De Galicia ao espazo nos Polos Creativos”	II	Xornadas divulgativas	Profesorado	Marzo–Xuño 2026
11	Accións formativas para docentes galegos en Polos Creativos	II	Formación do profesorado	Profesorado	Febreiro–Xuño 2026
12	Divulgación científica en redes sociais: o eclipse dende a óptica de diferentes persoas investigadoras	II	Comunicación científica	Comunidade educativa	Xaneiro–Agosto 2026
13	cREAgal: recursos que iluminan	II	Recursos educativos abertos	EP · ESO	Xaneiro–Decembro 2026
14	Maletas viaxeiras “Lourenzo e Catalina xogan ás agachadas”	II	Recurso itinerante	EI · EP · ESO · BAC · FPB	Febreiro–Xuño 2026
15	ECLIPSELAB 2026: a biblioteca que observa o ceo	II	Biblioteca-laboratorio	EI · EP · ESO · BAC · FPB	Marzo–Xuño 2026
16	Congreso Invisibles 2026	II	Evento científico	Comunidade educativa	Agosto-2026
17	Relatos na penumbra	III	Creación literaria	EI · EP · ESO · BAC · FPB	Xaneiro–Xuño 2026
18	Sombras que pintan: arte, luz e cultura	III	Creación artística	EI · EP · ESO · BAC · FPB	Xaneiro–Xuño 2026
19	Constelacións de lenda: mitos para explicar o ceo	III	Cultura e tradición oral	EI · EP · ESO · BAC · FPB	Xaneiro–Xuño 2026
20	Detectives da historia: as eclipses ao longo do tempo	III	Investigación histórica	EI · EP · ESO · BAC · FPB	Febreiro–Xuño 2026
21	Constelacións en foco: fotografía científica e creativa do ceo	III	Creación audiovisual	EI · EP · ESO · BAC · FPB	Marzo–Xuño 2026
22	Misión Eclipse: escape room científico	IV	Gamificación científica	ESO · BAC	Febreiro–Xuño 2026
23	Blender no cosmos	IV	Simulación 3D	ESO · BAC	Marzo–Xuño 2026
24	Misión H ₂ O: destino Marte	IV	Robótica educativa	EP · ESO · BAC	Febreiro–Xuño 2026
25	Misión orbital: vivir e investigar no espazo	IV	Investigación guiada	ESO	Febreiro–Xuño 2026
26	Código Umбра: operación eclipse no Eduardo Barreiros	IV	Gamificación científica	FPM · FPS · FPD · CE	Maio–Xuño 2026

EI: Educación infantil
FPM: FP de grao medio

EP: Educación Primaria
FPS: FP de grao superior

ESO: Educación Secundaria Obrigatoria
FPD: FP Dual intensiva

BAC: Bacharelato
CE: Cursos de Especialización de FP



XUNTA
DE GALICIA

GALICIA EXPLORA O CEO

Camiño da Eclipse 2026

ECLIPSE 2026: UNHA OPORTUNIDADE EDUCATIVA

- » **Aprendizaxe, cultura científica e compromiso coa observación segura**
- » **Un camiño compartido: centros, comunidade educativa e territorio**



XUNTA
DE GALICIA